

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.07.2023 ata o 16.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os investimentos previstos que ten previstos acometer coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto prestar mellores e máis eficientes servizos e un mellor desenvolvemento das actividades propias da mesma.

Máis concretamente, os investimentos serán os seguintes:

- Ordenador (PC) de sobremesa cos periféricos necesarios (pantalla, rato, teclado, cascos...) e co hardware preciso para o seu correcto funcionamento. Tableta gráfica de apoio para reunións online. Disco duro externo para realizar copias de





respaldo. SAI externo que actuará como fonte de alimentación momentánea ademais de protexer ao equipo contra posibles cambios de tensión.

- Seis smartphones de gama media-alta, catro ordenadores portátiles de gama media-alta e unha tablet de gama media-alta. (podería haber algunha variación na distribución do número de cada dispositivo sen que varíe o número total de dispositivos que será de once)

Estes investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo o progreso na eficiencia da prestación das actividades e dos servizos propios da federación, o que se enmarca nos obxectivos básicos de fomento da organización sectorial e mellora da súa competitividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

